



As tres encrucilladas enerxéticas de Galicia

Diego Ferraz Castiñeiras¹

A descarbonización da economía é esencial fronte á crise climática, e débese lograr un sistema enerxético eficiente, resiliente, 100 % renovable e xusto antes de 2040. É dicir, abandonar os combustibles fósiles nos próximos 16 anos. Con todo, a pesar dos esforzos por implementar enerxías renovables, Galicia segue dependendo en gran medida dos combustibles fósiles, que representaron o 71,7 % de toda a enerxía consumida en 2022². A continuación, responderemos a isto e desvelaremos cales son as 3 encrucilladas enerxéticas de Galicia: a dependencia enerxética, a electrificación e o despregamento das enerxías renovables.

1.- Dependencia enerxética e importación de gas fósil

A maior parte dos recursos enerxéticos que utiliza a economía galega son de orixe fósil e proceden do exterior, especialmente do Sur global, Rusia e EE.UU. A enerxía primaria importada³ mantívose entre o 73-86 % nos últimos 20 anos. Isto débese en gran medida a un potente sector enerxético de combustibles fósiles orientado á exportación principalmente de produtos petrolíferos, pero tamén de electricidade ao resto de España, onde a dependen-

1 Diego Ferraz Castiñeiras é ambientólogo e divulgador climático. Técnico da área de Cohesión Territorial da Fundación Renovables. Traballou na elaboración do informe *Renovables respetuosas con las personas y la biodiversidad*, que poden consultar na nosa web.

2 Podar consultar o informe do balance enerxético 2022 na web do INEGA https://www.inega.gal/sites/default/files/publicacions/balance_enerxetico_Galicia_2022.pdf

3 <https://ogacli.org/dependencia-enerxetica/>